

Como chegar?

CONSULTAS



CONSULTAS
Entrada principal
Andar -1

<https://www.google.es/maps/search/42.214584,+8.684475?entry=tts>

PUNTO DE RECOLLIDA



PUNTO
RECOLLIDA
Zona exterior

<https://www.google.es/maps/search/42.214584,+8.684475?entry=tts>



Benvido/a ás Consultas de Farmacia



Os nosos horarios?



CONSULTAS

Luns a Venres
09:00 a 14:00



FARMACAR

Luns a Venres
09:00 a 14:15



PEDIR CITAS

986 810 959
Luns a Venres
09:00 a 13:00



PACIENTES SEN CITA: como regra xeral **non se atenderán**.
Se necesita solicitar, cambiar ou anular unha cita, chame ao
teléfono de citas no horario indicado.



Servizo de Farmacia Hospital Meixoeiro Andar -1



Aproxima FARMAVIGO

Proxecto de Humanización Servizo Farmacia

Quen somos?

Nas consultas do Servizo de Farmacia Hospitalaria, dispénsanse **medicamentos** que, pola súa complexidade e/ou a da enfermidade a tratar, requiren un estreito seguimento polo seu médico/a e farmacéutico/a especialista.

Para iso, o servizo conta cun equipo de **farmacéuticos/as especializados** en cada patoloxía, en constante comunicación co médico/a prescriptor; que lle atenderán e resolverán todas as súas dúbidas acerca do medicamento que lle dispensan; con **persoal de enfermaría e técnicos/as de farmacia**, que elaboran certos medicamentos de maneira individualizada; e con **persoal administrativo** que se encargará de xestionar as súas citas.

No Hospital Álvaro Cunqueiro, o servizo dispón de **3 consultas** nas que cada farmacéutico/a atende patoloxías concretas, con medicamentos e necesidades de información diferente, polo que os tempos de atención poden variar.

Que facemos?

Primeira visita (a de maior duración)

- Explicarémolle todo o circuíto e o **funcionamento** da consulta
- Como **tomar** ou administrarse os **medicamentos**
- Como **conservalos**
- Que **precaucións** debe ter con outros **medicamentos** ou produtos de herboristería.
- Como prever ou manexar os posibles **efectos adversos** relacionados co tratamento
- Como prever enfermidades e conseguir **hábitos de vida saudables**
- Dispensarémolle medicación** ata a seguinte visita

Seguintes visitas

- Revisarase tolerancia ou calquera reacción adversa que tivese
- Repasar, se é necesario, o funcionamento da consulta e a administración do seu medicamento
- Revisaremos novas medicacións e/ou posibles **interaccións**
- Resolveremos todas as **dúbidas** que se expoñan

Que teño que facer?

1



Sacar o **ticket** na máquina coa súa tarxeta sanitaria ou DNI

2



Esperar en sala a que o seu número apareza na pantalla

3



Dirixirse á **consulta** que corresponda

4



Solicitar a súa **seguinte cita** no mostrador de citas

Dúbidas medicación: se lle xorde algunha dúbida fóra da consulta, pode enviar un mail a: cim.farmacia.vigo@sergas.es ou solicitar unha consulta telefónica co seu farmacéutico/a

Devolución medicación só a dispensada no Hospital e non utilizada: depositar identificada con nº de historia no caixón habilitado (pregunte no mostrador de citas)

Información de interese

Reacción adversa

Se sospeita dalgunha, causada polo seu tratamento, pode notificalo en <https://www.notificaram.es>

Satisfacción/Suxestión

A súa opinión impórtanos! Por favor, enche esta enquisa sobre a atención recibida no Servizo de Farmacia <https://asvigo.typeform.com/to/hsVZSbsg>

Se vostede ten algunha suxestión pode depositala na caixa do correo de suxestións situada na entrada

Información sobre medicamentos

Pode consultar en <https://cima.aemps.es>. Tamén dispoñemos de dípticos informativos sobre os medicamentos dispensados; pregunte ao seu farmacéutico/a